

# A sanidade é servizo, o privado é beneficio

■ Apoiado primeiro en Farjas e agora en Mosquera, Feijóo pilota o desmantelamento da sanidade pública



**Ángel Cameselle**

Secretario xeral da Federación de Sanidade e Sectores Sociosanitarios

O equipo presidido por Alberto Núñez Feijóo leva só cinco anos á fronte da Xunta, pero nunca ninguén fixo tanto dano en tan pouco tempo ao sistema sanitario público galego: en tres anos perdéronse 300 millóns de euros nos orzamentos e, nos últimos doce meses, destruíronse ao redor de 2.000 postos de traballo.

Apoiado primeiro en Pilar Farjas e agora en Rocío Mosquera, o xefe do Executivo galego teima en desmantelar a sanidade pública, en empeorar o servizo á cidadanía para xustificar despois a privatización. Nos cinco anos que leva de presidente, Feijóo comportouse como un auténtico liquidador do público. Un exemplo disto é a privatización do novo hospital de Vigo. O novo centro constrúese con atraso, con recorte de camas, servizos e metros cadrados, custará catro veces máis ca se fose integramente público e, por último, pri-

vatízanse boa parte dos servizos, ao tempo que os restantes serán xestionados por intereses privados, polo menos vinte anos.

A Lei de garantías sanitarias é outro paso máis na dirección privatizadora. Primeiro, recórtase a sanidade pública ata límites nunca antes imaxinados –recortes de persoal, de camas, de quirófanos, etc.– para incrementar as listas de espera. Despois, argallan unha lei que fixa uns prazos de atención que, no caso de que o sistema público non os poida cumprir, provocará a derivación de doentes para a sanidade privada... pero a cargo do diñeiro público.

Veremos o que acontece proximamente coa implantación das unidades de xestión clínica, que non son senón microempresas privadas creadas nos hospitais públicos. Microempresas, ademais, que competirán entre elas para lograren maiores beneficios, o que se acadará en detrimento

da calidade asistencial. E cómpre falar tamén da privatización da alta tecnoloxía dos hospitais, que reportará notables beneficios ás construtoras e bancos rescataados co diñeiro público.

Simultaneamente, a Xunta practica unha falsa austeridade: din que non hai cartos para reducir listas de espera, pero hainos para construír un hospital de xestión privada que resulta catro veces máis caro e que terá menos camas e servizos ca se fose totalmente público.

Parece clara a intención de abrir vías de negocio á custa do servizo público, mesmo á custa dos recursos públicos, isto é, á custa dos nosos impostos. Ao tempo, implantan xa non o copagamento, senón o repagamento sanitario. Daquela, ademais do financiamento a través dos impostos, temos que volver pagar a prestación sanitaria pondo do noso peto diñeiro para fármacos, material ortoprotésico, ambulancias... Un gasto que se ceba en quen menos recursos ten.

Xa abonda de intromisión dos grupos de presión e das empresas no noso sistema público de saúde. Esiximos que se destinen á sanidade todos os recursos públicos posibles; queremos a apertura inmediata das máis de duascenas camas pechadas en Galicia e que nos meses de verán estea dispoñible o 100 % delas, non como nos últimos anos. A saúde non se vende: deféndese! E témola que defender as persoas que cremos nela, que apostamos por unha sanidade pública, universal, de calidade e gratuíta no momento de usala, porque xa a financiamos cos nosos impostos. Non que-

remos un futuro en que o mercado expulse da prestación sanitaria milleiros de doentes só por careceren de recursos económicos.

Queremos que abran polas tardes os servizos centrais: quirófanos, laboratorios, radioloxía, consultas... Non é de lei termos servizos infrautilizados ao tempo que o Sergas concerta coa sanidade privada, que si funciona nese horario. Instamos a que se cubran os postos de traballo do persoal con vacacións ou baixas temporais, así como a que se repoñan os efectivos que se xubiláron. Esta medida axudará tanto a combater o desemprego como as escandalosas listaxes de espera. Esiximos a aplicación estrita da lexislación sobre incompatibilidades e a eliminación das peonadas. Por último, queremos que á fronte da sanidade pública galega estean persoas que crean no servizo público, non persoas sometidas a grupos de presión con intereses espurios.

Por todo isto e máis, os pasados días 9 e 10 de decembro, as traballadoras e traballadores da saúde fomos á folga en Galicia, 48 horas de paro para rexeitar uns recortes que prexudican a cidadanía e que consolidan o camiño da privatización da sanidade, deteriorando ata niveis nunca vistos a prestación dun servizo público fundamental. Non estivemos sós, non estivemos soas: milleiros de persoas manifestáronse connosco o martes 10 nas prazas e rúas de trece localidades galegas. A cidadanía teno claro: a sanidade é servizo, o privado é beneficio. Beneficio dos de sempre, abofé!